



Concello de Mugardos

Dilixencia do secretario para facer constar que o presente documento foi aprobado por resolución da Alcaldía núm. 410 do 20/05/2020. Asinado polo secretario o día indicado no panel de sinatura

## **2ª CONVOCATORIA DE AXUDAS COMPENSATORIAS DA SUSPENSIÓN DO SERVIZO DE XANTAR DO COMEDOR ESCOLAR MUNICIPAL E DO COMEDOR DA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE MUGARDOS POLA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA POLO COVID-19**

Dado o carácter complementario, compensatorio e social do comedor escolar ademais do eminentemente educativo, a suspensión deste derivado da suspensión da actividade lectiva pode supoñer un prexuízo á infancia máis vulnerable en desvantaxe socioeconómica.

Como consecuencia da dita suspensión do servizo de comedor escolar, as familias que se atopan en situación vulnerable por motivos de renda ou de exclusión social (causas que xustifican legalmente a condición de exención ou bonificación da tarifa) deberán asumir o custo daqueles menús diarios dos seus fillos e fillas que en período lectivo correría pola conta do Concello de Mugardos e a Consellería de educación a través do convenio asinado entre ambas administracións, o que supón un custo engadido e imprevisto na economía familiar. O Real decreto lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19, establece no seu artigo 8 un dereito básico de alimentación de nenos e nenas en situación de vulnerabilidade que se atopen afectados polo peche, ou suspensión, de centros educativos, que se concreta nun dereito a axudas económicas ou á prestación directa de distribución de alimentos.

O pasado 24.04.2020 publicábase no BOE a Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crisis ocasionada polo COVID-19, na que literalmente recolle: "No ámbito educativo e a formación, estas medidas materialízanse na suspensión da actividade educativa presencial en todos os centros e etapas, ciclos, graos, cursos eniveis que se dispón no artigo 9 do citado Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo".

A Ordenanza fiscal municipal que regula o servizo de comedor escolar municipal provoca que, en atención á renda das familias, mais do 53% dos usuarios/as de comedor escolar do Concello de Mugardos estén exentos do abono dos menús. O Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, cuxo artigo único modifica o número 4 da disposición adicional terceira, habilita a Administración para acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que sexan indispensables para a protección do interese xeral. Tendo en conta o interese xeral que concorre nos supostos regulados nesta convocatoria, que constitúe o fundamento da súa excepcionalidade, e a consecución da xustiza material, considérase imprescindible a tramitación deste procedemento para dar una resposta adecuada ás familias, evitando os prexuízos que se lles puidesen producir pola suspensión da actividade educativa e dos servizos educativos complementarios que determina o estado de alarma.

### **Artigo 1. Obxecto**

1. A presente orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas ás familias do alumnado que con rendas per cápita iguais ou inferiores ao 150% do IPREM segundo a resolución da Alcaldía da concesión da praza de xantar nese servizo nos comedores escolares do Concello de Mugardos (CEIP Unión Mugardesa e CEIP Santiago Apóstolo) e no servizo de comedor da Escola Infantil Municipal As Lagoas, que non foran beneficiarios/as na primeira convocatoria publicada no BOP núm. 60 do 17.04.2020, BDNS(Identif.): 502483.



Concello de Mugardos

Dilixencia do secretario para facer constar que o presente documento foi aprobado por resolución da Alcaldía núm. 410 do 20/05/2020.  
Asinado polo secretario o día indicado no panel de sinatura

2. O outorgamento das axudas a que se refire esta orde realízase de xeito directo, sen concorrencia competitiva, baseándose nas previsións do artigo 8 do Real decreto lei 7/2020, do 12 de marzo, e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

## Artigo 2. Importe das axudas

1. As axudas económicas previstas consisten nunha compensación do custo diario do menú por comensal, entendido como o servizo de comida ao mediodía, e polos días lectivos de suspensión da prestación do servizo como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do COVID-19.

Para estes efectos, e tendo en conta que o importe máximo do prezo público de comedor ou tarifa se fixa en 4,40 euros por menú e día, e que neste concepto se inclúen no só os custos da materia prima senón tamén os do persoal, consumos e mantemento de instalacións, determínase que o prezo máximo para satisfacer en concepto de compensación por materias primas é de dous euros e cincuenta céntimos (2,50 €), nos casos de rendas per cápita inferiores ou iguais a 100% do IPREM, e dun euro e cincuenta céntimos (1,50 €) nos casos de familias con rendas per cápita superiores a 100% e inferiores ou iguais a 150% do IPREM.

2. Respecto dos seus efectos temporais, esta orde compensará os días lectivos correspondentes ao mes de maio e o de xuño.

En consecuencia, aínda que se realizarán en dous libramentos, compútase un total de 34 días lectivos para os efectos de cuantificar o importe global dos créditos orzamentarios precisos para atender as compensacións.

Cadro 1: Contías por período e alumnado		RPC inferiores a 100% do IPREM	RPC entre o 100% e o 150% do IPREM
		2.5 € diarios	1.5 € diarios
<b>Terceiro período</b> 15 días	4-22 maio	<b>37.5</b>	<b>22.5</b>
<b>Cuarto período</b> 19 días	25 maio-19 xuño	<b>47.5</b>	<b>28.5</b>

## Artigo 3. Crédito orzamentario destinado

1. Para a concesión das compensacións regulamentadas nesta orde destinaránse un total de **1581** euros que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 326.48000 dos orzamentos municipais do exercicio 2020, prorrogados de 2017.

2. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, ben que o importe da axuda concedida en ningún caso poderá, en concorrencia coas outras subvencións ou axudas, superar o custo máximo do prezo público ou tarifa establecido para os comedores escolares fixado en catro euros con cincuenta céntimos (4,40 €).

## Artigo 4. Beneficiarias das compensacións

Poderán ser beneficiarias destas compensacións as familias que cumpran os seguintes requisitos:



Concello de Mugardos

Dilixencia do secretario para facer constar que o presente documento foi aprobado por resolución da Alcaldía núm. 410 do 20/05/2020. Asinado polo secretario o día indicado no panel de sinatura

1. Familias cun ou máis fillas/os escolarizados en centros públicos de Mugardos xestionados pola consellería que teñan a condición de comensais no servizo de xantar con rendas iguais ou inferiores a 150% do IPREM, segundo o establecido por resolución da Alcaldía no momento da concesión da praza nun dos comedores escolares municipais (Unión Mugardeza e Santiago Apóstolo de Franza) e non foran beneficiarios/as das axudas da 1ª convocatoria (BOP núm. 60 do 17.04.2020)
2. Familias cun ou máis fillas/os usuarios do servizo de comedor da Escola Infantil Municipal As Lagoas, con rendas iguais ou inferiores a 150% do IPREM, segundo o establecido por resolución da Alcaldía no momento da concesión da praza e non foran beneficiarios/as das axudas da 1ª convocatoria (BOP núm. 60 do 17.04.2020)

### **Artigo 5. Solicitudes. Lugar e prazo de presentación**

1. Tendo en conta a condición previa de comensal de xantar, as solicitudes presentaranse a través do formulario normalizado (Anexo I) disponible na sede electrónica do Concello de Mugardos.

Para a presentación das solicitudes as persoas interesadas poderán facelo no concello a través dalgunha destas canles:

- Na sede electrónica:

<https://sede.concellodemugardos.gal/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/>

Este é a canle máis apropiada para realizar este procedemento. Para poder realizar a presentación telemática de escritos, solicitudes ou comunicacións, é necesario identificarse a través do sistema cl@ve (máis información: <https://clave.gob.es/clave/Home/clave/queEs.html>)

- Por correo electrónico:

No caso de non dispor de certificado de identificación instalado no ordenador, as persoas interesadas que acrediten dificultades para formalizar a solicitude por medios electrónicos, poderán enviar un correo electrónico a [correo@concellodemugardos.gal](mailto:correo@concellodemugardos.gal). Nese correo poderá adxuntarse cuberta e asinada a instancia de solicitude, así como toda a documentación requirida, dependendo das circunstancias persoais:

A solicitude será única por cada familia e incluírá a totalidade das fillas e dos fillos escolares de ensinanzas obrigatorias, que sexan comensais con rendas per cápita iguais ou inferiores ao 150% do IPREM nos comedores escolares municipais do Concello de Mugardos ou no servizo de comedor da EIM As Lagoas, identificará á persoa solicitante en nome da familia e o alumnado comensal.

Tendo en conta a especial vulnerabilidade do colectivo beneficiario e a inmediatez con que debe de ser atendido, establécese un prazo especial de presentación de solicitudes para atender o pagamento das compensacións, de 10 días NATURAIS, que comezará o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, por conducto BDNS.

### **Artigo 6. Comprobación de datos**

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase pola administración os datos incluídos nos seguintes documentos :

- a) DNI ou NIE da persoa representante legal do alumnado.



Concello de Mugar dos

Dilixencia do secretario para facer constar que o presente documento foi aprobado por resolución da Alcaldía núm. 410 do 20/05/2020.  
Asinado polo secretario o día indicado no panel de sinatura

b) Condicións de beneficiarios/as de comedor escolar ou da EIM nas bases de datos municipais.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente, habilitado na solicitude, e achegar os documentos. Excepcionalmente, no caso de que estas circunstancias imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar as persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

### **Artigo 7. Transparencia e bo goberno**

Tendo en conta a vulnerabilidade do colectivo beneficiario, de conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Mugar dos non exixirá publicar na súa páxina web oficial nin no tablón de anuncios municipal a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Porén, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias se for precisa a comunicación a outras administracións públicas.

### **Artigo 8. Instrución do procedemento**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o departamento de servizos sociais comunitarios realizará, de oficio, cantas actuacións considere necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se deba pronunciar a resolución, conforme o establecido nesta orde, en particular a comprobación de que as solicitudes se corresponden con beneficiarios de bolsas de comedor en centros xestionados pola consellería.

De conformidade co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e tendo en conta o carácter compensatorio que presentan estas axudas, exceptúase expresamente o requisito de fixar una orde de prelación entre as solicitudes que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria.

As axudas reguladas nesta orde tramitaranse polo procedemento abreviado previsto no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. En consecuencia, unha vez realizadas as comprobacións anteriores, a responsable técnica do servizo de comedores escolares elevará una proposta de resolución á alcaldía para resolver.

### **Artigo 9. Resolución e formalización das axudas**

1. O prazo máximo para resolver será de 10 días desde a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
2. Entenderase como medio de notificación a recepción do vale realizada polo Concello de Mugar dos.
3. A resolución ditada, segundo o disposto no punto 1 deste artigo, porá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpor recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnalas directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, segundo disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

### **Artigo 10. Pagamento e xustificación das compensacións**

1. A entrega dos vales realizarase logo da súa resolución, nun prazo máximo de 5 días.



Concello de Mugar dos

Dilixencia do secretario para facer constar que o presente documento foi aprobado por resolución da Alcaldía núm. 410 do 20/05/2020. Asinado polo secretario o día indicado no panel de sinatura

De conformidade coa natureza das compensacións, realizarase un primeiro vale correspondente ao período do 4 ao 22 de maio (15 días lectivos) e seguidamente, e no caso de que o servizo continúe suspendido, un segundo vale polos 19 días lectivos restantes, sen que sexa preciso a presentación de novas solicitudes.

Poderáse entregar un único vale pola suma da axuda dos dous períodos anteriormente citados.

2. Tendo en conta a natureza das compensacións, cumpriráse coa xustificación, coa presentación polo establecemento autorizado colaborador da factura xustificativa do gasto, xunto co vale entregado polo beneficiario no establecemento.

3. Tendo en conta a natureza das compensacións, poderase anticipar a totalidade das contías.

4. Os/As beneficiarios/as están exentas de presentar garantía ningunha pola percepción das compensacións, consonte o disposto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Artigo 11. Revogación e reintegro das axudas**

Nos supostos establecidos no artigo 33.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda pública percibida, así como o aboamento dos xuros de demora devindicados desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

#### **Artigo 12. Infraccións e sancións**

No relativo a esta materia, serán de aplicación as disposicións recollidas no título IV, artigos 50 a 68, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Artigo 13. Normas de aplicación supletoria**

No non previsto nas bases anteriores serán de aplicación directa as normas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e de aplicación supletoria as establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

#### **Disposición adicional primeira. Información básica sobre a protección de datos persoais**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Mugar dos, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e dos contidos da Carpeta cidadá. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha obriga legal dos poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, esta circunstancia reflectirase no devandito formulario. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica do Concello de Mugar dos ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Concello de Mugar dos

Dilixencia do secretario para facer constar que o presente documento foi aprobado por resolución da Alcaldía núm. 410 do 20/05/2020.  
Asinado polo secretario o día indicado no panel de sinatura

### **Disposición adicional segunda.**

As persoas beneficiarias encóntranse suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Disposición adicional terceira.**

Esta convocatoria ríxese pola Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Mugar dos BOP nº de 183 de 25.09.2013.

### **Disposición adicional cuarta.**

Contra a resolución de outorgamento das subvencións, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Ferrol que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interponer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Mugar dos, 15 de maio de 2020

O concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá

José Miguel Mahía Prados  
(Delegación da Alcaldía: R.A. 114/2020 de 06.02.2020)